Materia: Xeografía 2 Bacharelato

Unidade 12: O espazo xeográfico e as actividades económicas

Exercicios auto-avaliábeis

1. En que medida o incremento do sector gandeiro afectou o uso das terras agrarias?
2. Que papel xoga a pesca nas exportacións galegas?
3. Sinala as características principais da industria do país: estrutura, localización, sectores principais.
4. Cal é a causa que limita a capacidade de traballo dos principais dos principais portos galegos?
5. Que consecuencias negativas tivo o incremento do turismo nos últimos anos?
6. Que papel xogaron as condicións naturais na localización dos primeiros asentamentos en Galicia?

Respostas

1. O incremento do sector gandeiro vai supor un aumento da superficie agraria destinada a pastos chegando a representar o 20% da superficie agraria. Introdúcense as plantas forraxeiras como o trevo ou a ray-grass. A proliferación de prados significou en moitas comarcas a transformación das paisaxes agrarias.
2. A pesca representa metade do valor total das exportacións galegas. O peixe conxelado, xunto os moluscos e as conservas de pescado representan o 70% das vendas. Como destino principal destaca o ámbito da Unión Europea.
3. A estrutura empresarial está caracterizada polo predominio de pequenas e medianas empresas. As empresas de mais de 100 empregados representan só o 1,8% da industria. Os principais focos de localización agrúpanse no Eixo Atlántico. Existen tres núcleos, A Coruña-Ferrol, Vilagarcía-Pontevedra-Vigo, zona de Santiago de Compostela. No interior destacan os entornos das cidades de Lugo e Ourense. Coa zona de Valdeorras e San Cibrao das Viñas complétase o mapa das principais localizacións.
Por sectores destacan o do sector de fabricación de material de transporte (automoción e naval), o sector da alimentación (conserveiro, conxelado, cárnicos), a metalurxia, a rama téxtil, a industria da madeira.
4. A limitación da capacidade de traballo dos principais portos está relacionada coas malas comunicacións terrestres cara o interior.
5. Os efectos negativos provocados polo desenvolvemento turístico están vinculados á falla de planificación urbanística e territorial. A urbanización sen control tivo efectos negativos sobre a paisaxe de zonas como as Rías Baixas, a Costa da Morte ou A Mariña luguesa. Naquelas vilas

que incrementan de xeito considerábel a súa poboación durante o verán rexístranse incidencias derivadas da incapacidade de certas infraestruturas (estradas, rede de saneamento) para asumir tanta poboación.

6. Por unha parte, as condicións climáticas facilitaron o asentamento, naquelas zonas con climas suaves como as Rías Baixas, Golfo Ártabro e os principais vales fluviais. Ao tempo, a dureza das condicións naturais das serras orientais e centrais reduciu o número de asentamentos.